



Concello de Parada de Sil

Expediente: 33/2026

Asunto: XIV Concurso de Microrrelatos Riberia Sacra - Parada de Sil - Convocatoria 2026

DECRETO DE ALCALDÍA

Considerando que o Concello de Parada de Sil dentro do seu ámbito competencial exerce competencias propias en materia de promoción da cultura e de actividades culturais ao abeiro dos artigos 25.2 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 80 n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando que o Concello de Parada de Sil convoca anualmente o Concurso de Microrrelatos Ribeira Sacra-Parada de Sil.

En base a elo, e segundo o disposto no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, veño a **RESOLVER**:

Primeiro. Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do XIV Concurso de Microrrelatos Ribeira Sacra-Parada de Sil 2026, nos seguintes termos:

O Concello de Parada de Sil convoca a **XIV edición do Concurso de Microrrelatos RIBEIRA SACRA-PARADA DE SIL**, que se rexerá conforme as seguintes **BASES**:

1. Os autores terán en conta que un microrrelato non é un conto, nin unha anécdota, nin una ocorrencia. É un relato breve, caracterizado pola precisión no contar e no uso da linguaxe, así como por una trama paradoxal e sorprendente.
2. Os microrrelatos serán de tema e estilo libre; poderán estar escritos en galego ou en castelán e han de ser orixinais e inéditos. Cada autor só poderá participar cun microrrelato. A participación está aberta a calquera ámbito xeográfico, sen máis limitacións que a observancia das bases que regulan o certame.
3. A extensión do texto non poderá exceder das 200 palabras, en formato DIN A-4, a dobre espazo, cun tipo de letra Times New Roman de 12 puntos.
4. **A data de entrega rematará o 31 de marzo de 2026.** Non obstante, o certame considerase pechado con anterioridade a esa data no caso de que se acaden os mil relatos.

En consecuencia, a selección de traballos farase por orde de recepción dos mesmos.

Para os enviados por correo postal, contarase como data de entrega a de presentación na oficina postal de envío.

5. As persoas que acadaron o primeiro premio na derradeira convocatoria, en calquera das dúas modalidades, non poderá presentarse na que obtivo o premio nesta convocatoria nin na seguinte.





Concello de Parada de Sil

6. A presentación dos traballos poderase facer a través dos seguintes medios:

I. **Correo electrónico** dirixido a concursorelatos@paradadesil.es poñendo en asunto o título completo da obra. No devandito correo achegarase dous arquivos en formato PDF:

- O primeiro conterá a obra e como nome levará o mesmo que o título do traballo.
- O segundo titularase PLICA (nome do traballo). Conterá os datos do participante: nome e apelidos, ano de nacemento, dirección postal, email e teléfono de contacto, título completo do microrrelato, así como declaración responsable conforme o traballo remitido a concurso é orixinal e inédito.

Todas as plicas gardaranse nun cartafol protexido e as obras serán lidas polo curado de forma anónima.

Esta conta de correo é única e exclusivamente para o envío de microrrelatos e non se abrirá ata o día de finalización do prazo de entrega de microrrelatos ao concurso ou ata acadar o número de traballos establecido como límite.

Para calquera dúbida, enviar un correo a info@paradadesil.es

II. **Correo postal.** Os traballos remitiranse por triplicado á seguinte dirección postal: "Concurso Microrrelatos, Concello de Parada de Sil" Praza Campo da Feira nº 1. 32740 Parada de Sil (Ourense).

Os textos enviaranse tan só co título e no interior, nun segundo sobre (plica) pechado, incluírase una ficha co título do relato, autor, data de nacemento, dirección postal, email e teléfono de contacto, así como una declaración responsable conforme o traballo remitido a concurso é orixinal e inédito.

7. O Concello de Parada de Sil, como organizador, designará ao xurado competente que está presidido polo catedrático, escritor e hispanista D. Antonio Carreño González.

8. **O fallo do xurado farase público o 8 de maio de 2026 e será inapelable.**

9. Dotación e fallo do premio:

1º Premio: 1.000,00 € para o mellor relato presentado en castelán.

1º Premio: 1.000,00 € para o mellor relato presentado en galego.

2º Premio: 500,00 €.

3º Premio: 300,00 €.

No segundo e terceiro premio non se terá en conta o idioma no que se presenten.

O premio abonarase, previa retención fiscal correspondente, mediante transferencia bancaria nunha conta de titularidade do/a beneficiario/a no seu país de residencia.





Concello de Parada de Sil

A efectos fiscais, e no caso de estranxeiros, para poder facer efectivo o ingreso, requírese que o /a beneficiario/a dispoña de identificación de estranxeiro (NIE), o cal poderá solicitar na embaixada ou consulado de España do seu país de residencia.

Sen o cumprimento deste requisito non se procederá ao seu pagamento.

Con carácter previo ao seu pagamento, a persoa beneficiaria deberá acreditar atoparse ao corrente de pago no cumprimento de obrigas fiscais coa axencia tributaria estatal, autonómica e coa seguridade social.

10. A entrega do premio realizarase no acto de celebración do Día das Letras Galegas, que se celebrará no Concello de Parada de Sil o **día 16 de maio de 2026**.
11. A incrición neste certame supón a total aceptación das bases.
12. Todas as persoas participantes autorizan ao Concello de Parada de Sil á utilización do relato citando ao autor ou autora do mesmo.

Segundo. Aprobar e comprometer o gasto por importe de 2.800,00 € en concepto de premios con cargo á aplicación orzamentaria 334.48015 do orzamento 2025, prorrogado para 2026, do Concello de Parada de Sil.

Terceiro. Publicar a presente convocatoria na páxina web e na Sede Electrónica do Concello de Parada de Sil e demais medios que permitan a súa difusión.

Cuarto. Dar conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que celebre.

En Parada de Sil, na data da sinatura á marxe

Aquilino Domínguez Díaz

Alcalde-Presidente

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

